

PLAN ESTRATÉGICO

2025-2028

PLAN ESTRATÉGICO 2025-2028 DE DANO CEREBRAL GALICIA

Edición: Federación Galega de Dano Cerebral (Dano Cerebral Galicia)

Coordinación do proceso de elaboración: Análisis y Desarrollo Social Consultoría

Maquetaxe: Sara Alonso Rodríguez (técnica de comunicación de Dano Cerebral Galicia)

Impresión: Imprenta Provincial (Deputación da Coruña)

Depósito legal: C 82-2025

Primeira edición: Febreiro 2025

www.danocerebralgalicia.org

info@danocerebralgalicia.org

Esta publicación alíñase cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)



Permítese compartir e adaptar nos seguintes termos: recoñecemento da autoría, indicar se se fixeron cambios, uso non comercial e compartir baixo a mesma licenza

ÍNDICE DE CONTIDOS

SAÚDO DO PRESIDENTE	p.5
1. INTRODUCCIÓN: QUEN SOMOS	p.6
2. O PROCESO	p.7
3. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN	p.12
3.1. Análise DAFO	p.12
3.2. Plan de Mellora	p.16
4. PLAN ESTRATÉXICO 2025-2028	p.22
4.1. Visión e Misión	p.24
4.2. Liñas e obxectivos estratéxicos	p.25
5. SISTEMA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	p.39
6. ANEXOS	p.53
Anexo I. Avaliación do grao de cumprimento do Plan Estratéxico 2020-2023	p.54
Anexo II. Indicadores obxectivamente verificables do Plan Estratéxico	p.57
Anexo III. Abreviaturas, siglas e acrónimos	p.62

SAÚDO DO PRESIDENTE

Benqueridas amigas e amigos,

Dano Cerebral Galicia abre unha nova etapa ilusionante. A aprobación e posta en marcha do novo Plan Estratéxico 2025-2028 perfila un horizonte con retos de gran dimensión que afrontamos desde unha posición referencial no terceiro sector, grazas a sermos un movemento asociativo consolidado, cohesionado e recoñecido social e institucionalmente.

Tras constatar un moi alto cumprimento do anterior Plan, o actual formulouse desde un enfoque continuista, e á vez ambicioso, coa intención de dotármonos dunha folla de ruta útil e manexable que nos permita, no noso labor cotiá durante os próximos catro anos, responder con eficacia ás necesidades e expectativas das persoas e familias con dano cerebral adquirido

Estruturado arredor de cinco liñas estratéxicas, asociadas a outros tantos obxectivos, o presente documento contén importantes modificacións, como a actualización da Visión, na que cobra maior relevancia a intención de situar a nosa discapacidade no centro da axenda social e política, así como a actualización da Misión, na que quixemos explicitar como prioridade a defensa do pleno exercicio de dereitos das persoas con dano cerebral e da súa contorna social e/ou cuidadoras.

Cómpre destacar que o proceso de elaboración do novo Plan, aliñado cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), se desenvolveu a través dunha metodoloxía participativa que implicou a integración dos principais actores da Federación en diferentes grupos de traballo. Un esforzo colaborativo, de diálogo e suma de forzas, que condensa o espírito que habemos seguir para alcanzar as metas que nos marcamos. Moitas grazas a quen o fixestes posible!



Luciano Fernández Pintor

1. INTRODUCCIÓN: QUEN SOMOS

Dano Cerebral Galicia é unha organización non governamental, privada, independente, apartidista e aconfesional comprometida coa **defensa dos dereitos** das **persoas con dano cerebral adquirido (DCA)** e das súas **familias**.

Constituímonos en 2007 a partir da unión de **Dano Cerebral A Coruña ADACECO** (A Coruña), **Dano Cerebral Lugo** (Lugo), **Alento** (Vigo), **DCA Ourense** e **Dano Cerebral Santiago de Compostela** (Santiago). Desde 2013 contamos coa declaración de Asociación de Utilidade Pública e aglutinamos a máis de 2.200 persoas socias.

A andaina do movemento asociativo do dano cerebral adquirido en Galicia comezou no ano 2000 coa fundación de Dano Cerebral Coruña ADACECO, Alento e Dano Cerebral Santiago de Compostela (antes denominada Sarela). Posteriormente, en 2002 creouse DCA Ourense (no inicio denominada 'Renacer') e en 2006 Dano Cerebral Lugo (antes chamada ADACE).

A unión das cinco asociacións deu lugar á **constitución da Federación Galega de Dano Cerebral** en 2007. Desde entón, a nosa traxectoria caracterizouse por unha progresiva profesionalización, ampliación da estrutura e diversificación das nosas liñas de actuación.

De forma paralela, durante este período as asociacións aumentaron enormemente a súa dimensión para poder dar resposta á crecente demanda de apoio e atención.

En 2024, realizamos un cambio de identidade corporativa e a nosa denominación pasou a ser **Dano Cerebral Galicia**. As asociacións federadas sumaranse a este cambio de identidade, previsiblemente, ao longo da vixencia deste plan estratéxico.

2. O PROCESO

O documento que a continuación se presenta expón a análise e reflexión estratéxica desenvolta en Dano Cerebral Galicia co fin de elaborar o novo **Plan Estratéxico 2025 - 2028**. Consideramos este exercicio de planificación como un **instrumento imprescindible** para orientar a **traxectoria da organización** de cara á **consecución da misión** que como entidade ten, así como para o **cumprimento da visión** da mesma.

Neste senso, o Plan Estratéxico de Dano Cerebral Galicia 2025-2028 será a nosa **folia de ruta** para ser un referente especializado e dinámico do terceiro sector, representando un movemento asociativo consolidado, cohesionado e recoñecido social e institucionalmente que traballa para desenvolver accións nos eidos político, social e técnico para promover o coñecemento e mellorar a calidade de vida e o pleno exercicio de dereitos das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias.

Este novo marco de planificación identifícase e está aliñado cos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)** derivados da Axenda 2030 da ONU, especificamente cos ODS 3, 5 e 10 e as seguintes metas:

3 SAÍDE
E BENESTAR



3.4. Para 2030, reducir nun terzo a mortalidade prematura por enfermidades non transmisibles mediante a prevención e o tratamento, e promover a saúde mental e o benestar.

3.5. Fortalecer a prevención e o tratamento do abuso de substancias aditivas, incluído o uso indebido de estupefacientes e o consumo nocivo de alcol.

3.6. Para 2030, reducir á metade o número de mortes e lesións causadas por accidentes de tráfico no mundo.

3.8. Lograr a cobertura sanitaria universal, en particular a protección contra os riscos financeiros, o acceso a servizos de saúde esenciais de calidade e o acceso a medicamentos e vacinas seguras, eficaces, alcanzables e de calidade para todos.

5 IGUALDADE DE XÉNERO



5.4. Recoñecer e valorar os coidados e o traballo doméstico non remunerados mediante servizos públicos, infraestruturas e políticas de protección social, e promovendo a responsabilidade compartida no fogar e na familia, segundo proceda en cada país.

5.5. Asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado a todos os niveis decisorios na vida política, económica e pública.

5.b. Mellorar o uso da tecnoloxía instrumental, en particular a tecnoloxía da información e as comunicacións, para promover o apoderamento das mulleres.

10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES



10.2. De aquí a 2030, potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, independentemente da súa idade, sexo, discapacidade, raza, etnia, orixe, relixión ou situación económica ou outra condición.

10.3. Garantir a igualdade de oportunidades e reducir a desigualdade de resultados, incluso eliminando as leis, políticas e prácticas discriminatorias e promovendo lexislacións, políticas e medidas adecuadas a ese respecto.

10.4. Adoptar políticas, especialmente fiscais, salariais e de protección social, e lograr progresivamente maior igualdade.


Metodoloxía

Co obxecto de promover a maior participación posible das persoas que integran a nosa organización, o proceso de planificación deseñouse pensando en facilitar un **exercicio participativo de xeración e selección de ideas** que permitise conformar unha imaxe compartida de como debe ser a organización ao cabo duns anos e que liñas de acción deben seguirse para facela realidade.

Para iso, tívose en conta aos diferentes **actores de referencia** dentro da Federación:



Estes actores foron integrados en diferentes **grupos de traballo para** o desenvolvemento das diferentes fases de planificación da estratexia:



O **primeiro paso** foi establecer o **axuste e a coordinación dos procesos e pasos metodolóxicos** a través dunha revisión da información institucional e a consulta de fontes secundarias de interese. As seguintes **cinco fases** foron:

1. Avaliación do Plan anterior:

F Analizáronse e realizáronse os balances de cumprimento do PE 20-23 para evidenciar os alcances acadados sobre os indicadores expostos e contrastar logros. Esta información compartiuse co grupo motor e co de participación, nos que as participantes, en base ao logrado, valoraron a necesidade de reorientar os obxectivos operativos e/ou as accións. No Anexo I pódese consultar o Informe de Avaliación, produto desta fase.

2. Análise e diagnose da situación actual:

A Nestas sesións aplicáronse ferramentas como o DAFO – CAME e plans de mellora, que permitiron obter uns aliñamentos de cara a os novos retos de Dano Cerebral Galicia. De maneira complementaria utilizouse nesta fase de diagnose as conclusións e recomendacións emitidas no informe de avaliación do Plan 2020-2024. Todo iso permitiu configurar unha fotografía e mapa de situación da Federación en 2024.

3. Actualización da Misión e Visión de Dano Cerebral Galicia:

S Co obxectivo de incorporar no novo Plan os elementos que nos definen, desenvolveuse unha nova redacción da Misión e Visión da entidade, validándose estes elementos nos grupos de traballo establecidos.

4. Determinación de obxectivos e estratexias:

E Elaborouse unha versión borrador que foi validada polo grupo motor e polo de participación. Os seus comentarios e observacións foron incoorporados para, posteriormente, elaborar a versión final do Plan.

5. Redacción do Plan:

S Redacción do Plan definitivo tendo en conta todas as achegas recibidas.

Liña do tempo



3. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN

3.1. ANÁLISE DAFO

Nas próximas páxinas expóñense os aspectos da análise DAFO realizado polo grupo motor e polo grupo de participación, establecendo os retos para o noso período estratéxico que representa o presente plan.

DEBILIDADES

- Necesidade de maior implicación das entidades socias na revisión e validación de propostas e proxectos.
- Insuficiente adherencia á Federación, vista como un elemento centrado no financiamento das entidades.
- Disparidade de criterio na determinación de prioridades estratéxicas, o que dificulta a capacidade de dotarse de ferramentas orientadas á mellora organizacional.
- Ausencia e puntual descoñecemento da marcha da entidade a nivel estratéxico por parte das Xuntas Directivas.
- Baixa capacidade financeira propia o que non permite potenciar o desenvolvemento territorial do movemento asociativo.
- Escasa implantación territorial no ámbito municipal do movemento asociativo.
- Falta de dinamismo do movemento para conservar o seu carácter asociativo ao tempo que se consolida institucionalmente presta servizos.
- Limitado coñecemento do persoal e/ou base social das asociacións do movemento asociativo.
- Incapacidade de poder ofrecer contratos competitivos con respecto a organizacións do mesmo sector.
- Limitada relación entre o equipo técnico da Federación e as Xuntas Directivas das entidades (assemblea de socias e socios).
- Limitado sentido de pertenza á Federación por parte da base asociativa (familias).
- Escasas accións ou eventos dirixidos a captar potenciais colaboradores privados.
- Insuficiente implicación das Xuntas Directivas das asociacións nos asuntos e decisións estratéxicas da Federación.

A MEAZAS

- Continuos cambios no persoal da Xunta de Galicia (responsable da definición de políticas que afectan notablemente ao movemento asociativo e que implica gasto de recursos para restablecer as comunicacións).
- Limitado interese por parte de certos sectores, colectivos e administracións para levar a cabo accións de sensibilización e información, o que acaba implicando descoñecemento social sobre o dano cerebral adquirido.
- Resistencia por parte de persoal de servizos sociais municipais e do SERGAS a realizar derivación aos recursos asociativos.
- Falta de previsión dos fondos dispoñibles, o que que dificulta a planificación económica anual debido á dependencia de financiamento público.
- Retrasos nos pagamentos de diversas convocatorias que poñen en risco a tesourería e a liquidez das asociacións.
- Perda de recursos económicos debido a convocatorias con requisitos dificilmente alcanzables, con bases excluíntes ou que non permiten a imputación de gastos relativos a custos de tipo estrutural (desprazamentos, dietas, baixas laborais...).
- Cambios lexislativos en materia laboral que afectan á planificación económica e á organización dos recursos humanos.
- Competencia por parte de fundacións ou organizacións privadas no tratamento a persoas con dano cerebral adquirido, cuns valores que discrepan respecto ao movemento asociativo e que ofrecen unha prestación que non é especializada, e que mesmo poden concorrer ás mesmas convocatorias ás que nos presentamos.
- Concepción social errónea respecto ao traballo que desempeña a Federación e as súas entidades (como a crenza de que o persoal non está suficientemente formado e especializado por ser unha ONG).
- Eleccións autonómicas e estatais.
- A ruralidade e a dispersión do territorio ao noso alcance.

FORTALEZAS

- A estrutura do equipo de traballo da Federación (crecemento, cohesión e consolidación do equipo).
- Alta implicación e participación do equipo da Federación na elaboración e posta en marcha dos proxectos, así como na planificación estratéxica.
- Boa comunicación interna entre o equipo da Federación.
- Comunicación fluída coas asociacións membro.
- Actitude proactiva da Federación para establecer alianzas con outras entidades/organizacións/axentes externos tanto públicos como privados e non exclusivos do ámbito de discapacidade (por exemplo, convenios e colaboración con FADEMUR, universidades, concellos...).
- Busca de novas vías de financiamento que permitan á Federación dispor de fondos propios e de estabilidade económica independente dos organismos públicos/subvencións.
- Diversificación das áreas de traballo e das liñas de intervención da Federación (formación, servizos sociosanitarios de proximidade, asistencia persoal...).
- Confianza das entidades no modelo de traballo da Federación.
- Disponibilidade da maioría das asociacións membro para colaborar e implicarse en proxectos ou accións da Federación.
- Reforzada e ampliada a capacidade de negociación política.
- O crecemento da estrutura da Federación e o traballo en prol do recoñecemento social permite ampliar a sensibilización sobre o dano cerebral.
- A implicación co movemento asociativo do dano cerebral a nivel estatal (ex. participación en diversos foros e grupos de traballo) e outros grupos de interese/colaboradores permitiu dar a coñecer o traballo da federación e establecerse como referente no sector.
- O traballo dos servizos sociosanitarios de proximidade permitiunos darnos a coñecer a nivel comunitario e no eido rural.
- Elevado recoñecemento da profesionalidade e rigor do equipo federativo por parte da administración autonómica, provincial e local.

O OPORTUNIDADES

- Incremento considerable dos fondos dispoñibles grazas á posibilidade de acceso a diferentes fontes de financiamento (IRPF, fondos europeos, financiamento privado en aumento...) que se foron consolidando no período 2020-2024.
- Concerto social aprobado e en vigor que senta a base para poder extrapolar o financiamento doutros servizos, o que permitiría mellorar a previsibilidade económica.
- Recoñecemento institucional e social da Federación.
- Percepción externa (por parte da Administración e doutros axentes) da Federación como interlocutora válida e necesaria para a negociación e a incidencia política.
- PAI aprobado é unha oportunidade para continuar posicionando á Federación como axente chave de participación no seguimento da calidade da atención do sistema público de saúde.
- Demanda crecente de apoio e atención no ámbito rural que ratifica a necesidade de expansión dos servizos e recursos de atención.
- Rede ampla de axentes chave para o sector (sociedades científicas, colexios profesionais, universidades...) que consideran á Federación como unha aliada necesaria na execución de accións conxuntas para un maior impacto social.
- Colectivos profesionais sociosanitarios consideran á Federación como unha institución formativa especializada no eido do dano cerebral adquirido.

3.2. PLAN DE MELLORA

Ao mesmo tempo que se fai a análise e diagnóstico, diriximos o noso esforzo en verificar que as debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades identificadas se traducen en actuacións de mellora da planificación e xestión de Federación. Desta forma, pecharase o ciclo do diagnóstico interno e externo. Como ferramenta para o establecemento do plan de mellora utilizouse a **análise CAME** (Corrixir, Afrontar, Manter e Explotar). Esta pode ser interpretada como unha ampliación da análise DAFO e serve para definir as accións a tomar a partir dos resultados desta. Neste senso, as estratexias para o desenvolvemento do plan de mellora de fronte ao novo PE son:

Estratexias de reorientación: estratexias para minimizar / corrixir as debilidades

- ER1.** Reforzar desde a Federación a posta en marcha da marca común por parte do conxunto do movemento asociativo galego (apoio loxístico, comunicativo, captación de fondos...).
- ER2.** Diversificar e ampliar o número e tipo de destinatarios/as e as canles de envío para dar a coñecer o traballo realizado (balances, memorias...)
- ER3.** Reforzo da formación conxunta e segmentada dirixida á totalidade do movemento asociativo co obxectivo de dotalo de valores e cultura común (profesionais, persoas con dano cerebral adquirido, familias, socias, voluntariado, xuntas directivas e direccións).
- ER4.** Apoio ás asociacións para a comunicación interna e externa dos valores asociativos e a visibilización e prestixio dos mesmos (ausencia de ánimo de lucro, control da calidade dos servizos...).
- ER5.** Estudo da situación en conxunto coas asociacións para o trazado dunha folla de ruta de incremento da implantación territorial, seleccionando a liña a seguir (novas asociacións, delegacións, modelo de SSPP...).

Estratexias defensivas: estratexias para afrontar as ameazas

- D1.** Incidir coas direccións xerais na importancia de que as subdireccións xerais estean presentes nas xuntanzas para ter información compartida.
- ED2.** Expedir certificados con repercusión en bolsas de emprego, convocatorias de oposicións e outras ás persoas que acudan a actuacións formativas e de sensibilización.
- ED3.** Realizar visitas presenciais co persoal implicado na derivación a potenciais persoas usuarias das nosas entidades ou dos servizos ofertados pola Federación (traballo social, centros de información á muller, persoal sanitario...). Priorizar o contacto directo co persoal técnico para accións concretas/operativas.
- ED4.** Aumentar o autofinanciamento (formación en empresas, formación por medio da ACIS, formacións nos colexios profesionais...), tendo así a liberdade de cubrir custos con total autonomía.
- ED5.** Manter a incidencia para que as convocatorias cubran, ademais dos gastos operativos, gastos estruturais (dietas, desprazamentos, baixas, permisos...), así como aproveitar a pertenza a plataformas e entidades de segundo nivel.
- ED6.** Incidir na definición de convocatorias por parte da administración para que non inclúan criterios excluíntes polo simple feito de ser unha entidade sen ánimo de lucro ou por outros motivos.
- ED7.** Publicidade sobre a valía, formación e experiencia do persoal das nosas entidades para evitar que a atención recaia en fundacións con calidade de atención baixa ou que diminúa o prestixio.
- ED8.** Promoción e publicidade das infraestruturas e ferramentas dispoñibles nas nosas entidades para reforzar a idea de dispoñibilidade de recursos e innovación na atención.

Estratexias ofensivas: estratexias para maximizar as fortalezas

- EO1.** Mellorar as condicións laborais e seguir mantendo a cultura organizacional creada ata o momento.
- EO2.** Facer participe ao equipo en todo o proceso dos proxectos (formulación, execución etc), tomando en consideración as achegas en función das súas áreas de especialización.
- EO3.** Manter reunións de equipo periódicas (quincenal, mensual,...), favorecer os fluxos de comunicación tanto horizontais como verticais e manernos na liña de organizar grupos de traballo/reunións para executar proxectos.
- EO4.** Manter a comunicación semanal coas entidades informando das actividades previstas, dando oportunidade de que participen/opinen. Continuar mantendo informadas ás entidades sobre liñas de traballo e intervención.
- EO5.** Continuar na liña de diversificación dos fondos propios da Federación e establecer un catálogo de servizos de asesoramento e formación que se poidan realizar en empresas privadas.
- EO6.** Afianzar os recursos de atención de nova creación como son os servizo de asistencia persoal e os SSPP.
- EO7.** Continuar cun modelo de traballo que favoreza a transparencia e que permita facer achegas ao resto de entidades socias. Incidir sobre todo en aquelas entidades que teñan unha menor confianza.
- EO8.** Recompensar o compromiso das entidades coas actividades da Federación e adaptarnos na medida do posible á súa dispoñibilidade/organización.
- EO9.** Manter as canles/estilo de comunicación e formar ao equipo, direccións e Xuntas Directivas neste eido.
- EO10.** Ampliar as áreas xeográficas de traballo e de influencia da Federación.
- EO11.** Seguir consolidando a posición lograda polo equipo federativo ante a administración sanitaria autonómica.

Estratexias de supervivencia: estratexias para aproveitar as oportunidades

- ES1.** Maximizar a capacidade de identificación das posibilidades de financiamento, así como da presentación de propostas de calidade que revertan nun incremento de recursos económicos para a execución de proxectos e financiamento de servizos.
- ES2.** Continuar traballando con rigor para manter o recoñecemento institucional que permita aumentar a capacidade de negociación e de incidencia política desenvolvida co fin de acadar o maior impacto posible na implantación de políticas públicas (PAI) e novas modalidades de financiamento (concerto social para outros servizos), entre outros.
- ES3.** Definir unha estratexia conxunta entre Dano Cerebral Galicia e as entidades membro para dar continuidade ao modelo de SSPP favorecendo a expansión da atención a zonas desatendidas.
- ES4.** Manter a rede de alianzas e colaboracións actuais cuxas accións conxuntas están xerando un retorno (técnico, económico, de visibilización etc.) para o movemento asociativo e o colectivo de persoas con dano cerebral adquirido.
- ES5.** Identificar e establecer novas colaboracións en áreas non cubertas na actualidade, con obxectivos concretos de acción conxunta.
- ES6.** Posicionar a Dano Cerebral Galicia como unha institución e entidade formadora recoñecida oficialmente e de referencia na especialización do dano cerebral adquirido en Galicia mediante a consolidación da área de formación con criterios de excelencia e calidade.

Complementariamente aos resultados do diagnóstico, a elaboración do novo Plan terá en conta as conclusións e **recomendacións** establecidas na **avaliación do Plan Estratéxico 2020-2023**, que indicamos a continuación e que foron procesadas a través dunha triangulación das fontes, permitindo unha toma de decisións baseada nas evidencias acadadas durante todo o proceso.

Conclusións da avaliación do PE 2020-2023

1 Exponse o desenvolvemento dun novo plan continuista, que permita reorientar os obxectivos operativos e accións ás necesidades e expectativas dos próximos catro anos, consolidando aqueles elementos que o Plan Estratéxico 2020-2024 permitiu instaurar.

2 O Plan Estratéxico 2020-2024 obtén unha valoración xeral media-alta sobre os obxectivos operativos, destacando como aqueles obxectivos con maior valoración (alta) os seguintes:

- Obxectivo operativo 1.1. Reforzar a incidencia política de Dano Cerebral Galicia nos ámbitos de actuación prioritarios.
- Obxectivo operativo 2.1. Incrementar o coñecemento do dano cerebral na sociedade.
- Obxectivo operativo 2.3. Afianzar as estratexias de prevención do dano cerebral e a promoción de hábitos saudables.
- Obxectivo operativo 5.1. Reforzar a estrutura, a organización interna e a acción operativa da Federación en todos os seus niveis.

3 O obxectivo con menor valoración de alcance (baixo) é o ‘Obxectivo operativo 4.1. Reforzar o traballo coordinado das asociacións co fin de homoxeneizar procedementos e mellorar a prestación de servizos’.

4 Existe unha alta harmonización e coherencia entre as achegas do grupo motor e participación no referente á valoración de alcances e necesidades de axustar obxectivos operativos e accións.

5 O establecemento de indicadores a nivel de accións ten utilidade para o seguimento operativo anual, botándose en falta indicadores de produto ou efecto a medio e longo prazo que permitan evidenciar cales son os cambios ou efectos que se queren obter co desenvolvemento dos procesos.

Recomendacións da avaliación do PE 2020-2023

1

Na fase 4 do exercicio de planificación estratéxica, consistente na determinación de obxectivos e estratexias, ter en conta as achegas do grupo de participación á hora da súa selección para manter a coherencia e aliñamento entre a Xunta Directiva e as entidades socias, especialmente naquelas accións (5.3.5, 5.3.6 e 5.3.7) en que poden existir diferentes puntos de vista.

2

Promover un novo plan estratéxico de continuidade, simplificando o número de accións e introducindo accións de maior alcance que aglutinen outras menores co fin de facer máis manexable e estratéxico o plan.

3

Cambiar o nivel dos indicadores, introducíndoos no ámbito dos obxectivos operativos e resultados, co obxecto de promover un seguimento sobre produtos e efectos a curto e longo prazo. Os indicadores de acción ou proceso teñen maior relevancia nos plans anuais e non tanto nun seguimento e posterior avaliación do plan.

4. PLAN ESTRATÉXICO 2025-2028

O Plan Estratéxico 2025 - 2028 recolle de forma integral os principais elementos que constitúen a folla de ruta da nosa entidade, organizándose nunha estrutura de **catro dimensións complementarias**:



Misión e visión

A 'visión' é a percepción de como podería ou debería chegar a ser a organización no futuro, despois de aplicar as súas estratexias e desenvolver adecuadamente as súas capacidades.

A 'misión' describe o concepto da organización, a natureza dos nosos servizos, o porqué estamos nela, a quen servimos e os principios baixo os que pretendemos funcionar.



Liñas estratéxicas

Dano Cerebral Galicia identifica 5 liñas estratéxicas vinculadas coa definición da súa relación coas administracións públicas e outros actores chave, así como coa mellora da nosa forma de traballar e co compromiso coas persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias.



Obxectivos estratéxicos


Son elementos de cambio, que pretenden reflectir o valor de Dano Cerebral Galicia, e que orientarán o noso traballo nos próximos anos. En definitiva, son os elementos aos que se quere contribuir de maneira decisiva.



Obxectivos operativos

Entendidos como produtos ou servizos que se queren establecer para a consecución dos obxectivos. Estes son a consecuencia directa da execución dalgunhas actividades específicas e outras cotiás na práctica de Dano Cerebral Galicia.

Estrutura do Plan Estratégico 2025-2028



Accións e indicadores:

- LE1/ OE1/ 3 OP: 14 accións e 11 indicadores.
- LE2/OE2/ 2 OP: 10 accións e 7 indicadores.
- LE3/OE3/ 2 OP: 9 accións e 8 indicadores.
- LE4/OE4/ 2 OP: 8 accións e 7 indicadores.
- LE5/OE5/ 3 OP: 12 accións e 10 indicadores.

En total, **12 obxectivos operativos, 53 accións e 43 indicadores.**

4.1. VISIÓN E MISIÓN

VISIÓN

Dano Cerebral Galicia é unha referente especializada e dinámica do terceiro sector, representando un movemento asociativo consolidado, cohesionado e recoñecido social e institucionalmente que traballa para visibilizar e concienciar sobre o dano cerebral adquirido, situándoo na axenda social e política de Galicia.

MISIÓN

Dano Cerebral Galicia é a federación que aúna, dinamiza e representa o movemento asociativo do dano cerebral adquirido de Galicia co obxectivo de desenvolver accións nos eidos social, político e técnico para promover o coñecemento e para mellorar a calidade de vida e o pleno exercicio de dereitos das persoas con dano cerebral adquirido e da súa contorna social e/ou persoas cuidadoras.

4.2. LIÑAS E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Unha vez analizado o contexto interno e externo, fixadas a visión e a misión e establecidos os ámbitos de intervención de Dano Cerebral Galicia, pasamos a definir as liñas e obxectivos estratéxicos. Unha **liña estratéxica** é un camiño que indica e expón como alcanzar a nosa misión e mostra os ámbitos que consideramos fundamentais para situar os nosos **obxectivos**. Á súa vez, estes concretan os resultados que é preciso acadar para desenvolver as liñas estratéxicas e lograr o posicionamento descrito na misión e na visión. En definitiva, son os **puntos de referencia** fundamentais no proceso de operativización da formulación estratéxica.

O Plan Estratéxico de Dano Cerebral Galicia para o período 2025-2028 contempla:

5 liñas estratéxicas

- LE 1. Acción política e fortalecemento da presenza social da federación.
- LE 2. Información, formación e sensibilización social sobre o dano cerebral.
- LE 3. Proxectos e programas para a mellora da calidade de vida.
- LE 4. Crecemento e cohesión asociativa.
- LE 5. Consolidación estrutural e sustentabilidade da federación.

5 obxectivos estratéxicos

- OE1. Consolidado o papel da Federación como referente principal na atención ao dano cerebral en Galicia.
- OE2. Estendido o coñecemento do dano cerebral adquirido a través da formación, información e sensibilización.
- OE3. Mellorado o coñecemento e a atención ao dano cerebral a través do impulso de proxectos e programas, nomeadamente daqueles con maior compoñente de innovación.
- OE4. Avanzada a expansión do movemento asociativo a través do traballo conxunto das entidades coordinadas pola Federación.
- OE5. Consolidada a estrutura de Dano Cerebral Galicia para a mellora continua do modelo de xestión e procesos organizativos que permitan asegurar a sustentabilidade da Federación.

LE 1. ACCIÓN POLÍTICA E FORTALECEMENTO DA PRESENZA SOCIAL DA FEDERACIÓN

OE1. CONSOLIDADO O PAPEL DA FEDERACIÓN COMO REFERENTE PRINCIPAL NA ATENCIÓN AO DANO CEREBRAL EN GALICIA			TEMPORALIZACIÓN			
OBXECTIVO OPERATIVO	ACCIONS	AXENTES RESPONSABLES	2025	2026	2027	2028
O.P_1.1 Mantida e diversificada a incidencia política de Dano Cerebral Galicia nos ámbitos de actuación prioritarios	A.1.1.1. Realizar seguimento da implantación do Proceso Asistencial Integrado do DCA en colaboración cos colectivos profesionais implicados (ámbito actuación: sanidade).	Dano Cerebral Galicia: Dirección e responsable de Proxectos (con implicación das asociacións). Axentes colaboradores: colexios profesionais, sociedades e asociacións científicas.				
	A.1.1.2. Participar das accións de incidencia destinadas a acadar a ampliación do concerto social a máis servizos e recursos prestados pola Federación e as asociacións membro non cubertos polo actual rexime (ámbito actuación: política social).	Dano Cerebral Galicia: Dirección e responsable de Xestión Económica, Administración e RRHH (con implicación das asociacións) e a través das plataformas nas que se integra: CERMI Galicia e EAPN Galicia).				
	A.1.1.3. Incidir na actualización da carteira de servizos de atención ao DCA, que permita e garanta o acceso a recursos de promoción da vida independente recollidos na lexislación e non implementados na práctica, como asistencia persoal, servizos sociosanitarios de proximidade... (ámbito actuación: política social).	Dano Cerebral Galicia: Dirección, responsable de Proxectos e traballo social (con implicación das asociacións).				

LE 1. ACCIÓN POLÍTICA E FORTALECIMENTO DA PRESENZA SOCIAL DA FEDERACIÓN

OE1. CONSOLIDADO O PAPEL DA FEDERACIÓN COMO REFERENTE PRINCIPAL NA ATENCIÓN AO DANO CEREBRAL EN GALICIA			TEMPORALIZACIÓN			
OBXECTIVO OPERATIVO	ACCIÓNS	AXENTES RESPONSABLES	2025	2026	2027	2028
O.P_1.1 Mantida e diversificada a incidencia política de Dano Cerebral Galicia nos ámbitos de actuación prioritarios	A.1.1.4. Establecer alianza coa Consellería de Educación para a determinación de prioridades e accións para dar resposta ás necesidades do alumnado con dano cerebral (ámbito de actuación: educación).	Dano Cerebral Galicia: Dirección e Xunta Directiva (con implicación das asociacións).				
	A.1.1.5. Participar das accións de incidencia coa Consellaría de Vivenda destinadas a garantir o acceso universal á vivenda para persoas con DCA (ámbito de actuación: vivenda).	Dano Cerebral Galicia: Dirección e Xunta Directiva (a través das plataformas nas que se integra: CERMI Galicia e EAPN Galicia).				
	A.1.1.6. Definir e implementar actuacións para garantir o dereito á inclusión sociolaboral plena das persoas con DCA (ámbito de actuación: emprego).	Dano Cerebral Galicia: Dirección, responsable de Proxectos (con implicación das asociacións).				
	A.1.1.7. Impulsar a creación dun Observatorio Autonómico do Dano Cerebral con representantes do ámbito social, sanitario, educativo, laboral e de vivenda.	Dano Cerebral Galicia: Dirección e Xunta Directiva.				

LE 1. ACCIÓN POLÍTICA E FORTALECEMENTO DA PRESENZA SOCIAL DA FEDERACIÓN

OE1. CONSOLIDADO O PAPEL DA FEDERACIÓN COMO REFERENTE PRINCIPAL NA ATENCIÓN AO DANO CEREBRAL EN GALICIA

TEMPORALIZACIÓN

OBXECTIVO OPERATIVO	ACCIÓNS	AXENTES RESPONSABLES	2025	2026	2027	2028
O.P_ 1.2 Intensificada a presenza da Federación a través da participación en foros especializados e doutras accións que sitúen o dano cerebral na axenda social	A.1.2.1. Manter a presenza activa nos foros e redes actuais (EAPN Galicia, CERMI Galicia, Daño Cerebral Estatal...) coa participación en grupos de traballo por parte de profesionais da Federación, que contribúen á elaboración de documentos e publicacións, normativas e políticas públicas.	Dano Cerebral Galicia: Xunta Directiva, Dirección e equipo técnico en función da especialización do foro (con implicación das asociacións).				
	A.1.2.2. Definir e implantar accións específicas que sitúen á Federación como unha referente na transmisión de coñementos e experiencias en foros especializados público-privados (académicos, científicos, técnicos...).	Dano Cerebral Galicia: Xunta Directiva, Dirección e equipo técnico en función da especialización do foro (con implicación das asociacións).				
	A.1.2.3. Participación activa no Observatorio Autonómico do Dano Cerebral unha vez constituído.	Dano Cerebral Galicia: Xunta Directiva, Dirección e equipo técnico en función do tipo de participación.				

LE 1. ACCIÓN POLÍTICA E FORTALECIMENTO DA PRESENZA SOCIAL DA FEDERACIÓN

OE1. CONSOLIDADO O PAPEL DA FEDERACIÓN COMO REFERENTE PRINCIPAL NA ATENCIÓN AO DANO CEREBRAL EN GALICIA			TEMPORALIZACIÓN			
OBXECTIVO OPERATIVO	ACCÍONS	AXENTES RESPONSABLES	2025	2026	2027	2028
O.P_1.3. Proxectada unha imaxe corporativa común e aliñada da Federación e das entidades que a integran	A.1.3.1. Marca Común Dano Cerebral: Continuar coa súa implantación na Federación e co apoio para as asociacións.	Dano Cerebral Galicia: Xunta Directiva, Dirección e Comunicación (con implicación das asociacións).				
	A.1.3.2. Desenvolvemento dun argumentario e guía de estilo de comunicación externa para o movemento asociativo.	Dano Cerebral Galicia: Xunta Directiva, Dirección e Comunicación (con implicación das asociacións).				
	A.1.3.3. Promover a participación das persoas da Rede de Cidadanía Activa de Persoas con Dano Cerebral en actos sociais, políticos e de representación do movemento asociativo.	Dano Cerebral Galicia: Xunta Directiva, Dirección e responsable de Proxectos (con implicación das asociacións).				
	A.1.3.4. Promover a presenza en medios de comunicación a través da redacción e publicación de artigos, entrevistas etc. para o incremento do coñecemento social do dano cerebral adquirido.	Dano Cerebral Galicia: Xunta Directiva, Dirección e Comunicación (con implicación de todo o equipo técnico, das asociacións e da Rede de Cidadanía Activa).				

LE 2. INFORMACIÓN, FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL SOBRE O DANO CEREBRAL

OE2. ESTENDIDO O COÑECEMENTO DO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO A TRAVÉS DA FORMACIÓN, INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN			TEMPORALIZACIÓN			
OBXECTIVO OPERATIVO	ACCIONS	AXENTES RESPONSABLES	2025	2026	2027	2028
O.P_ 2.1 Incrementada a capacitación na atención e apoio ao dano cerebral adquirido	A.2.1.1. Crear un catálogo que aglutine toda a oferta formativa da Federación.	Dano Cerebral Galicia: Dirección, responsable de Proxectos e técnica de Formación.				
	A.2.1.2. Ampliar a oferta formativa e os recursos asociados da Federación.	Dano Cerebral Galicia: Dirección, responsable de Proxectos e técnica de Formación.				
	A.2.1.3. Continuar coa realización de accións formativas no ámbito académico e profesional (universidades, centros de formación profesional, residencias etc).	Dano Cerebral Galicia: Dirección, responsable de Proxectos e técnica de Formación.				
	A.2.1.4. Continuar coa colaboración coa Escola Galega de Saúde para Cidadáns e a ACIS, que avala o recoñecemento da formación.	Dano Cerebral Galicia: Dirección, responsable de Proxectos e técnica de Formación.				
	A.2.1.5. Establecer novas alianzas con organismos públicos/privados certificadores de formación.	Dano Cerebral Galicia: Dirección, responsable de Proxectos e técnica de Formación.				
	A.2.1.6. Crear unha liña formativa en colaboración cos colexios profesionais e sociedades científicas para incrementar o coñecemento técnico especializado sobre DCA.	Dano Cerebral Galicia: Dirección, responsable de Proxectos e técnica de Formación.				

LE 2. INFORMACIÓN, FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL SOBRE O DANO CEREBRAL

OE2. ESTENDIDO O COÑECEMENTO DO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO A TRAVÉS DA FORMACIÓN, INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN			TEMPORALIZACIÓN			
OBXECTIVO OPERATIVO	ACCIONS	AXENTES RESPONSABLES	2025	2026	2027	2028
O.P_ 2.2 Mellorada a identificación e prevención do dano cerebral adquirido e a calidade de vida das persoas coidadoras a través da información e sensibilización social	A.2.2.1. Programar e executar accións informativas sobre factores de risco, causas, secuelas e medidas de prevención do dano cerebral adquirido con diferentes colectivos.	Dano Cerebral Galicia: Dirección e responsable de Proxectos (con implicación das asociacións que teñan dispoñibilidade).				
	A.2.2.2. Realizar actividades culturais, deportivas e de ocio inclusivas que promovan a práctica de hábitos de vida saudables.	Dano Cerebral Galicia: Dirección e responsable de Proxectos (con implicación das asociacións que teñan dispoñibilidade).				
	A.2.2.3. Continuar na execución de actividades de promoción do autocoidado e prevención da sobrecarga por coidados con especial foco en mulleres coidadoras de persoas con dano cerebral adquirido.	Dano Cerebral Galicia: Dirección e responsable de proxectos (con implicación das asociacións que teñan dispoñibilidade).				
	A.2.2.4. Colaborar con colexios profesionais, farmacias e outros axentes sociosanitarios comunitarios para a difusión de información sobre prevención do dano cerebral adquirido e a promoción de hábitos saudables.	Dano Cerebral Galicia: Dirección e responsable de Proxectos.				

LE 3. PROXECTOS E PROGRAMAS PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

OE3. MELLORADO O COÑECEMENTO E A ATENCIÓN AO DANO CEREBRAL A TRAVÉS DO IMPULSO DE PROXECTOS E PROGRAMAS, NOMEADAMENTE CON MAIOR INNOVACIÓN			TEMPORALIZACIÓN			
OBXECTIVO OPERATIVO	ACCIONS	AXENTES RESPONSABLES	2025	2026	2027	2028
O.P_ 3.1 Fomentada a investigación público-privada sobre o dano cerebral adquirido	A.3.1.1. Identificar e priorizar as áreas sobre as que é necesario xerar coñecemento científico.	Dano Cerebral Galicia: Dirección, técnica de Formación e responsable de Proxectos (coa implicación das entidades e en colaboración con colexios e sociedades profesionais e científicas).				
	A.3.1.2. Capacitar ao cadro de profesionais do movemento asociativo en técnicas e metodoloxías de investigación.	Dano Cerebral Galicia: Dirección e técnica de formación (coa implicación das asociacións).				
	A.3.1.3. Mapear, identificar e establecer convenios de colaboración con organismos dedicados á investigación con liñas de traballo afíns aos nosos obxectivos estratéxicos, así como revisar os acordos existentes.	Dano Cerebral Galicia: Dirección, técnica de Formación e responsable de Proxectos (coa implicación das asociacións).				
